



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA “CORRESPONDENTES UNIVERSITARIOS”.

No lugar e data da sinatura dixital,

REUNIDOS

Dunha parte, Dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Xuventude en virtude do, Decreto 60/2022, do 15 de maio, do seu nomeamento, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e no Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte, don Manuel Joaquín Reigosa Roger, Reitor Magnífico da Universidade de Vigo, nomeado segundo o Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia 110/2022, do 9 de xuño, publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) nº 117, do 20 de xuño de 2022, de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 50 da Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, e o artigo 29 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, e publicados no DOG nº 38, do 22 de febreiro do 2019. Con enderezo en Edificio Exeria, campus universitario, 36310 Vigo.

Ambas as dúas partes no nome e representación en que concorren e coa capacidade legal oportuna,

EXPOÑEN

I. Que a Consellería de Política Social e Xuventude, segundo o Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da xunta de Galicia e o Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude, é o órgano superior da Administración autonómica ao que lle corresponde, de conformidade co Estatuto de autonomía e coa Constitución española, propoñer e executar as directrices xerais do goberno no ámbito do benestar, que engloban, entre outras, as competencias en materia de xuventude, realizando a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, entre outras funcións, a xestión das actuacións en materia de xuventude, así como as políticas xuvenís de carácter interdepartamental e de apoio ao desenvolvemento da actividade xuvenil, o fomento da participación da xuventude na vida social, o seguimento na xestión da Rede galega de información xuvenil e a súa promoción e desenvolvemento e a coordinación das funcións informativas e de documentación dos servizos de dita rede.

II. A Universidade de Vigo é unha entidade pública dotada de personalidade xurídica e patrimonio propio que goza de autonomía, de acordo coa Constitución e a Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo do Sistema Universitario e a Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia. Está estruturada nos campus de Vigo, Pontevedra e Ourense. No ámbito das súas competencias



correspóndelle o servizo público da educación superior, mediante a investigación, a docencia e o estudo. Son funcións da universidade ao servizo da sociedade, entre outras, a creación, desenvolvemento, transmisión e crítica da ciencia, da técnica e da cultura, a preparación para o exercicio de actividades profesionais que esixan a aplicación de coñecementos e métodos científicos e para a creación artística e especialmente a difusión do coñecemento e a cultura.

III. A Consellería ten interese en colaborar na promoción de actuacións de difusión da información que faciliten o acceso do alumnado da Universidade de Vigo aos recursos existentes en materia de xuventude, a través da posta en marcha do programa correspondentes universitarios e universitarias. Trátase dun programa mediante o cal os estudantes participantes difunden información de interese xuvenil entre o resto do alumnado universitario, así como tamén exercen esta función noutros ámbitos xuvenís nos que se movan (clubs deportivos, agrupacións musicais...). O obxectivo é mellorar o coñecemento que a xuventude galega ten dos programas, bolsas e concursos que están ao seu dispor.

IV. A Consellería de Política Social e Xuventude e a Universidade de Vigo están de acordo en facilitar a participación das persoas alumnas desta Universidade que o desexen no programa "Correspondentes Universitarios/as."

Ao chegaren as partes a un acordo e recoñécense mutua capacidade, outorgan o presente convenio de colaboración conforme as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. *Obxecto do convenio*

O obxecto do presente convenio é establecer a forma e condicións de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a Universidade de Vigo cara á posta en marcha do programa "Correspondentes Universitarios" entre o seu alumnado.

Segunda. *Programa Correspondentes Universitarios/as*

O programa "Correspondentes Universitarios" ten por obxecto difundir a información xerada desde a Consellería de Política Social e Xuventude a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado e desde a Universidade de Vigo a través da Vicerreitoría de Benestar, Equidade e Diversidade entre o seu alumnado universitario, favorecendo a participación dos mozos e mozas tanto na elaboración como na difusión da información entre iguais. Os participantes deben difundir a información que reciben da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da súa universidade e do resto de entidades que organicen eventos ou actividades destinadas á xuventude, particularmente á universitaria. O programa desenvolverase fundamentalmente de xeito virtual, pero tamén en formato presencial unha vez ao mes en dependencias da Universidade de Vigo.

Os destinatarios do programa son os/as mozos/as que cursen estudos na Universidade de Vigo que soliciten participar no programa Correspondentes Universitarios/as mediante a fórmula que, conxuntamente, acorden ambas as dúas partes asinantes do dito convenio.

As funcións das persoas estudantes da Universidade de Vigo como correspondentes universitarios son as seguintes:



- a) Xestionar un taboleiro informativo no que haberá información sobre temas de interese xuvenil e difundir a información nas súas facultades ou nas máis próximas en distancia e/ou contidos.
- b) Difundir información sobre os programas e iniciativas para a xuventude que haxa no portal da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Consellería de Política Social e Xuventude e/ou no portal da Universidade de Vigo, así como aquela outra información relacionada cos referidos temas e que reciban a través doutros medios ao seu alcance: redes sociais, compañeiros da residencia, facultades, institutos, etc. e que sexa de interese para eles.
- c) Asistir ás reunións de coordinación que se convoquen por parte da Consellería de Política Social e Xuventude a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, así como aos cursos de formación organizados por este órgano directivo destinados aos correspondentes xuvenís.
- d) Organizar unha xornada de información xuvenil nalgún emprazamento do seu campus universitario, baixo o acompañamento e supervisión da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

Nas reunións de coordinación xuntaranse coa persoa dinamizadora da Consellería de Política Social e Xuventude para recibiren información sobre como xestionar as canles que se establezan para a difusión de contidos e traballarán en grupo para buscar o xeito de cumprir cos obxectivos do programa. Porén, parte do traballo tamén será individual, en canto á difusión que cada persoa correspondente faga da información xuvenil obxecto de difusión.

- d) Aquelas outras que supoñan a mellora na achega de información á mocidade e que xurdan ao longo do curso froito do traballo entre os correspondentes e a súa persoa dinamizadora.

As persoas correspondentes universitarias terán, como contrapartida, os seguintes beneficios:

- a) Recibirán gratuitamente formación en materia de información xuvenil.
- b) Recoñeceráselles dende a Consellería de Política Social e Xuventude o tempo dedicado ao programa, recollendo a experiencia e competencias adquiridas a través do certificado de educación non formal en materia de xuventude.

Terceira. Compromisos da Consellería de Política Social e Xuventude

A Consellería de Política Social e Xuventude, a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado asume os seguintes compromisos:

- a) Facilitará aos correspondentes universitarios a formación básica en materia de información xuvenil, subministrando dita formación, así como contidos que sexan de interese para os/as universitarios/as.
- b) Designará os profesionais que actuarán como coordinadores do programa por parte da Consellería de Política Social e Xuventude. Estas persoas informarán, orientarán e asesorarán, individualmente ou en grupo, as persoas alumnas correspondentes universitarias, facilitándolle a axuda precisa para participar no programa.



c) Expediralles ás persoas estudantes da Universidade participantes no programa un certificado acreditativo da experiencia e competencias adquiridas dentro do ámbito da educación non formal.

Cuarta. Compromisos da Universidade de Vigo

A Universidade de Vigo a través da vicerreitoría de Benestar, Equidade e Diversidade asume o compromiso de acreditar a participación no programa expedida pola Consellería de Política Social e Xuventude. A Universidade de Vigo recoñecerá a quen o solicite ata un máximo de 6 ECTS, coa correspondencia de 1 crédito por cada 30 horas por participación en actividades de información, difusión e iniciativas sobre temas de interese xuvenil e difundir a información.

Quinta. Inexistencia de cargas económicas

Este convenio non implica ningunha obriga de carácter económico para ningunha das partes.

Sexta. Protección de datos

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Sétima. Comisión mixta de control e seguimento

Constitúese unha comisión mixta de seguimento á que serán sometidas todas as cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio e, con carácter previo, aquelas que impliquen desconformidade por algunha das partes asinantes.

A Comisión estará composta, por parte da Universidade de Vigo, polo/a vicerreitor/ra de Benestar, Equidade e Diversidade ou persoa designada como suplente pola dita vicerreitora.

Por parte da Consellería de Política Social e Xuventude comporase pola persoa titular da dirección xeral con competencias en materia de Xuventude, Participación e Voluntariado que asumirá a presidencia da Comisión ou pola persoa que a supla de conformidade coa norma organizativa da consellería e por outra persoa funcionaria adscrita á Dirección Xeral de Xuventude Participación e Voluntariado designada pola persoa que representa á consellería así como a persoa que a supla.



A secretaría da comisión será exercida pola persoa funcionaria que designe a presidencia da comisión así como a persoa que a supla.

A propia comisión acordará o seu calendario de reunións. As súas funcións serán:

- a) Con carácter xeral, a interpretación e aplicación das cláusulas do presente convenio, así como velar polo seu cumprimento.
- b) Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- c) Establecer criterios de seguimento e avaliación do programa.
- d) Propoñer, para a súa aprobación polos órganos competentes, addendas ou modificacións do presente convenio.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Oitava. Entrada en vigor e período de vixencia

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e a súa vixencia prolongarase ata o final do curso académico 2023-2024.

As partes poderán facer denuncia expresa do presente convenio ou de calquera das súas prórrogas con anterioridade ao prazo final de vixencia que para o mesmo se establece.

Novena. Causas de resolución do convenio

Serán causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- a) A renuncia de calquera das partes, formulada por escrito con tres meses de antelación ao remate do presente convenio ou de calquera das súas prórrogas.
- b) Incumprimento das cláusulas do convenio.
- c) Mutuo acordo das partes formalizado por escrito.

Décima. Modificacións do convenio

As modificacións formalizaranse mediante addenda, cos mesmos requisitos e condicións que para a aprobación do convenio.

Décimo primeira. Réxime xurídico

O presente convenio ten carácter administrativo e rexerase polo establecido nas súas cláusulas e, no seu defecto, pola Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, polo que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, para resolver as dúbidas e lagoas que se puideran presentar.



Este convenio axústase ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares publicado en virtude da Resolución do 8 de abril de 1991.

En defecto de acordo entre as partes, as discrepancias xurdidas serán resoltas pola Consellería de Política Social e Xuventude, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución do presente convenio serán resoltas pola Consellería de Política Social e Xuventude poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo dun mes se a resolución fose expresa. Se o acto non o fora, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñer directamente recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se este fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso – administrativa. Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Décimo segunda. Información, rexistro e consentimento para publicación de datos

En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Consellería de Política Social e Xuventude informará na súa páxina web oficial da subscrición do presente convenio cos seguintes datos básicos: identificación das partes, importe do financiamento, data da sinatura, finalidade e período de vixencia. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

O convenio será rexistrado de acordo co prescrito no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes do convenio autorizan, así mesmo, que os seus datos persoais e as demais especificacións contidas neste convenio poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

En sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, asínano ambos os dous comparecentes no lugar e data da sinatura dixital.

POLA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E
XUVENTUDE

A Conselleira

Fabiola García Martínez

POLA UNIVERSIDADE DE VIGO

O Reitor

Manuel Joaquín Reigosa Roger

